

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

EDICTO do 15 de febreiro de 2013, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte coa denominación de Portatón ou Coto Grande, a favor dos veciños do lugar de Corneira, no concello de Leiro.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 6 de febreiro de 2013, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Portatón ou Coto Grande, solicitada polos veciños do lugar Corneira, no concello de Leiro (Ourense) resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 12 de xaneiro de 2012 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar un escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños do lugar de Corneira, no concello de Leiro (Ourense), no cal solicitan ao seu favor a clasificación como veciñal en man común do devandito monte.

Segundo. Con data do 10 de outubro de 2012, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.



Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Leiro.

Denominación do monte: Portatón ou Coto Grande.

Comunidade veciñal solicitante: veciños do lugar de Corneira.

Superficie total: 0,8638 ha.

A superficie en clasificación, segundo informe técnico previo do Servizo de Montes, atópase distribuída nas seguintes parcelas:

Parcela 305, polígono 006. Referencia catastral 32041A006003050001LP. Superficie: 0,1424 ha.

Lindeiros:

Norte: camiño público. Sur e oeste: monte comunal de Corneira. Leste: camiño público; Luisa Barreiro (parcelas 234, 235, 236 do polígono 006), herdeiros de Albino Fernández (parcela 237 do polígono 006), herdeiros de Sergio Rodríguez (parcela 012 do polígono 006) e Celso Pérez Rodríguez (parcela 015 do polígono 006).

Nesta parcela figuran encravados 5 cabazos ou hórreos (280, 281, 282, 296 e 306 do polígono 006) de 0,003 ha en total.

Parcela 315, polígono 005. Referencia catastral 32041A005003150001LS. Superficie: 0,2558 ha.

Lindeiros:

Norte: monte comunal de Corneira; José Barreiro Pérez (predio 53 do polígono 005); Luisa Barreiro Barreiro (predios 50, 51 e 52 do polígono 005); sur e leste: camiño público. Oeste: monte comunal de Corneira.

Nesta parcela figuran como encravados unha construción (parcela 314 polígono 005) de 0,007 ha e 4 cabazos ou hórreos (316, 317, 318 e 319 do polígono 005) de 0,004 ha en total.



Parcela 304, polígono 005. Referencia catastral 32041A006003040001LQ. Superficie: 0,3097 ha.

Lindeiros:

Norte: camiño público; herdeiros de Alfonso Barreiro Barreiro (predios 238 e 011 do polígono 006), Faustino Barreiro Pérez (predios 240 do polígono 006), Rafael Rodríguez Fernández (predios 239 e 241 do polígono 006) e herdeiros de Cándido Pérez Álvarez (predio 242 do polígono 006). Sur: monte comunal de Corneira e camiño público; leste: herdeiros de Fidel Rodríguez (predio 243 do polígono 006), Luisa Barreiro (predio 297 do polígono 006), Josefa González (predio 244 do polígono 006), José Otero Rial (predio 021 do polígono 006), Celso Pérez Rodríguez (predio 250 do polígono 006), herdeiros de Rudesinda González (predio 251 do polígono 006) e herdeiros de Albino Fernández (predio 030 do polígono 006). Oeste: monte comunal de Corneira.

Nesta parcela figuran dous encravados (parcela 279 do polígono 006) con 0,07 ha e (parcela 028 do polígono 006) de 0,09 ha e 13 cabazos ou hórreos (283, 284, 285, 286, 287, 288, 289, 290, 290, 291, 292, 293, 294 e 295 do polígono 006) de 0,006 ha en total.

Parcela 311, polígono 005. Referencia catastral 32041A00600311001LF. Superficie: 0,1559 ha.

Lindeiros:

Norte: camiño público e José Luis González Rodríguez (predios 037 e 038 do polígono 006). Sur: Miguel Rodríguez (predio 37 do polígono 006). Leste: Benita Pérez (predio 38 do polígono 006) e Verísimo Souto (predio 39 do polígono 006). Oeste: camiño público.

Nesta parcela non figuran encravados.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da dita lei «son montes veciñais en man común [...] os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas,



o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas os membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, e que corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños do lugar de Corneira, no concello de Leiro (Ourense), o monte denominado Portatón ou Coto Grande coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro,



de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 15 de febreiro de 2013

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Xefe territorial de Ourense



Parcela 305 - polígono 006

Referencia catastral	32041A006003050001LP	Sup. (ha)	0,1424
Limites	<p>N: camiño público</p> <p>S: monte comunal de Corneira.</p> <p>L: camiño público; Luisa Barreiro (parc 234, 235, 236 do pol 006); herdeiros de Alvino Fernández (parc 237 do pol 006); herdeiros de Sergio Rodríguez (parc 012 do pol 006) e Celso Pérez Rodríguez (parc 015 do pol 006).</p> <p>O: monte comunal de Corneira.</p>		




Nesta parcela figuran como encravados 5 "cabazos" u "hórreos" (280, 281, 282, 296 e 306 del polígono 006) de 0,003 ha en total.

Referencia catastral			32041A006003050001LP
Vértice	X-UTM	Y-UTM	
54	566718	4692492	
55	566749	4692491	
56	566760	4692486	
57	566771	4692471	
58	566764	4692472	
59	566757	4692475	
60	566746	4692483	
61	566739	4692473	
62	566759	4692459	
63	566757	4692457	
64	566756	4692458	
65	566747	4692449	
66	566755	4692442	
67	566740	4692432	
68	566732	4692445	
ED 50 29 T			

Parcela 315 - polígono 005

Referencia catastral	32041A005003150001LS	Sup. (ha)	0,2558
Límites	<p>N: monte comunal de Corneira; José Barreiro Pérez (finca 53 do pol 005) e Luisa Barreiro Barreiro (fincas 50, 51 e 52 do pol 005).</p> <p>S: camiño público.</p> <p>L: camiño público.</p> <p>O: monte comunal de Corneira.</p>		



Na parcela figuran como encravados una construción (parc 314 pol 005) de 0,007 ha. e 4 "cabazos" u "hórreos" (316, 317, 318 e 319 del polígono 005) de 0,004 ha en total.

Parcela 304 - polígono 006

<i>Referencia catastral</i>	32041A006003040001LQ	<i>Sup. (ha)</i>	0,3097
<i>Limites</i>	<p>N: camino público; heredeiros de Alfonso Barreiro Barreiro (fincas 238 e 011 do pol 006); Faustino Barreiro Pérez (finca 240 do pol 006); Rafael Rodríguez Fernández (fincas 239 e 241 do pol 006) e heredeiros de Cándido Pérez Álvarez (finca 242 do pol 006).</p> <p>S: monte comunal de Corneira e camiño público.</p> <p>L: heredeiros de Fidel Rodríguez (finca 243 do pol 006); Luisa Barreiro (finca 297 do pol 006); Josefa González (finca 244 do pol 006); José Otero Rial (finca 021 do pol 006); Celso Pérez Rodríguez (finca 250 do pol 006); heredeiros de Rudisinda González (finca 251 do pol 006) e heredeiros de Alvino Fernández (finca 030 do pol 006).</p> <p>O: monte comunal de Corneira.</p>		



Na parcela aparecen dous encravados (parc 279 - pol 006) con 0,07 ha e (parc 028 - pol 006) de 0,09 ha e 13 "cabazos" u "hórreos" (parc 283, 284, 285, 286, 287, 288, 289, 290, 291, 292, 293, 294 e 295 del pol 006) cunha superficie total de 0,006 ha.

Referencia catastral			32041A006003040001LQ
Vértice	X-UTM	Y-UTM	
17	566686	4692593	
18	566693	4692583	
19	566691	4692582	
20	566695	4692575	
21	566697	4692576	
22	566711	4692557	
23	566724	4692566	
24	566725	4692565	
25	566708	4692553	
26	566711	4692550	
27	566719	4692555	
28	566719	4692555	
29	566724	4692558	
30	566725	4692558	
31	566736	4692566	
32	566739	4692564	
33	566711	4692544	
34	566737	4692508	
35	566742	4692512	
36	566745	4692512	
37	566755	4692514	
38	566757	4692508	
39	566757	4692505	
40	566759	4692500	
41	566762	4692499	
42	566763	4692500	
43	566766	4692500	
44	566763	4692498	
45	566764	4692494	
46	566764	4692494	
47	566769	4692482	
48	566752	4692494	
49	566717	4692496	
50	566685	4692516	
51	566678	4692536	
52	566679	4692552	
53	566691	4692568	
ED 50 29 T			




Parcela 311 - polígono 006

<i>Referencia catastral</i>	32041A00600311001LF	<i>Sup. (ha)</i>	0,1559
<i>Límites</i>	<p>N: camiño público e José Luis González Rodríguez (fincas 037 e 038 do polígono 006).</p> <p>S: Miguel Rodríguez (finca 37 do polígono 006).</p> <p>L: Benita Pérez (finca 38 do polígono 006) e Verísimo Souto (finca 39 do polígono 006).</p> <p>O: camiño público.</p>		



Nesta parcela non figuran encravados.

Referencia catastral			32041A006003110001LF
Vértice	X-UTM	Y-UTM	
69	566870	4692283	
70	566872	4692311	
71	566880	4692329	
72	566885	4692336	
73	566886	4692336	
74	566892	4692333	
75	566899	4692325	
76	566897	4692324	
77	566894	4692325	
78	566893	4692327	
79	566889	4692324	
80	566893	4692320	
81	566894	4692322	
82	566905	4692311	
83	566905	4692309	
84	566906	4692309	
85	566909	4692313	
86	566912	4692310	
87	566918	4692314	
88	566924	4692296	
ED 50 29 T			